

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG14I0IF	<i>Expediente</i> CON/3/2020	<i>Fecha</i> 09-03-20 13:12

Número 10 .- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais relativa á aprobación do expediente, gasto e apertura do procedemento de adxudicación da execución das obras no proxecto denominado "Actuacións no Camiño Francés en Santiago de Compostela: remodelación da rúa Concheiros".- Operación incluída na Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado- EDUSI.

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 09 de marzo de 2020, adoptou o seguinte acordo:

10 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE CENTROS SOCIOCULTURAIS RELATIVA Á APROBACIÓN DO EXPEDIENTE, GASTO E APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN DA EXECUCIÓN DAS OBRAS NO PROXECTO DENOMINADO "ACTUACIÓNS NO CAMIÑO FRANCÉS EN SANTIAGO DE COMPOSTELA: REMODELACIÓN DA RÚA CONCHEIROS".- OPERACIÓN INCLUÍDA NA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE E INTEGRADO- EDUSI.

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais, de data 18 de febreiro de 2020; así como do informe de Intervención nº 154/2020, da técnica de administración xeral que conta co conforme do interventor.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**José Javier Fernández Martínez**, concelleiro delegado de centros socioculturais, barrios e obras, consonte aos termos establecidos no artigo 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 17/06/2019,

EXPÓN:

1.- Con data 13 de xuño de 2019, a Axencia Galega de Infraestruturas aprobou o proxecto de execución denominado "Actuacións no Camiño

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG1410IF	<i>Expediente</i> CON/3/2020	<i>Fecha</i> 09-03-20 13:12

Francés en Santiago de Compostela: remodelación da rúa Concheiros".- Operación incluída na Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado- EDUSI."

2.- Con data 23 de xaneiro de 2020, o xefe de servizo de obras e proxectos emitiu o preceptivo informe xustificativo da concorrencia da necesidade e idoneidade da súa contratación.

3.- Con data 4 de febreiro seguinte, esta concellería delegada, formulou proposta de inicio do expediente de contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria .

4.- Coa mesma data, a concelleira delegada de economía, facenda, persoal, contratación e modernización da administración local resolveu iniciar o expediente proposto, ao que se deberían incorporar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que deban rexer o contrato, así como o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa, sinalando así mesmo que, unha vez completado o expediente, remitirase este ao órgano de contratación para a súa aprobación e a apertura do procedemento de adxudicación.

5.- Finalmente, xa o día 18 de febreiro, incorpórase ao expediente o correspondente prego de cláusulas administrativas particulares, que acompaña un informe do departamento de contratación, da mesma data, que conclúe que "o expediente de contratación, de tramitación ordinaria, ven referido á totalidade do obxecto do contrato e incorpora os documentos ós que se refire o artigo 116 da LCSP polo que unha vez fiscalizado pola Intervención municipal dítase acordo pola Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela aprobando o mesmo e dispoñendo o inicio do procedemento de contratación".

Polo tanto, e considerando a regulación que para o procedemento administrativo se recolle con carácter xeral nos artigos 163 a 185 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, así como artigos 54 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e as argumentacións recollidas no anteriormente mencionado informe do departamento de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
Documento	Expediente	Fecha
CMG14I0IF	CON/3/2020	09-03-20 13:12

Que, unha vez completado co certificado de existencia de crédito, acorde a aprobación do expediente denominado **Execución das obras definidas no proxecto denominado "Actuacións no Camiño Francés en Santiago de Compostela: remodelación da rúa Concheiros".- Operación incluída na Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado- EDUSI**, así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante **procedemento aberto**, establecéndose un tipo de licitación de **2.191.412,29 euros IVE** aparte.

O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 460.196,58 euros.

O gasto correspondente a esta actuación satisfarase con cargo á aplicación orzamentaria 040 15321 61900, tramitándose este expediente como anticipado de gasto, xa que a execución das obras non se iniciará ata a entrada en vigor do orzamento 2020, quedando condicionado, polo tanto, á súa aprobación e tamén a súa inclusión no exercicio orzamentario 2021, de acordo co seguinte desglose:

	Exercicio orzamentario (anualidade)		Total
	2020	2021	
Orzamento de licitación	1.399.348,89 €	792.063,40 €	2.191.412,29 €
21% de I.V.A.	293.863,27 €	166.333,31 €	460.196,58 €
Total Orzamento	1.693.212,16 €	958.396,71 €	2.651.608,87 €

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

Aprobar o expediente denominado **Execución das obras definidas no proxecto denominado "Actuacións no Camiño Francés en Santiago de Compostela: remodelación da rúa Concheiros".- Operación incluída na Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado- EDUSI**, así como a aprobación do gasto

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
Documento	Expediente	Fecha
CMG14I0IF	CON/3/2020	09-03-20 13:12


correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante **procedemento aberto**, establecéndose un tipo de licitación de **2.191.412,29 euros IVE** aparte.

O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a **460.196,58 euros**.

O gasto correspondente a esta actuación satisfacerase con cargo á aplicación orzamentaria **040 15321 61900**, tramitándose este expediente como anticipado de gasto, xa que a execución das obras non se iniciará ata a a entrada en vigor do orzamento 2020, quedando condicionado, polo tanto, á súa aprobación e tamén a súa inclusión no exercicio orzamentario 2021, de acordo co seguinte desglose:

	Exercicio orzamentario (anualidade)		Total
	2020	2021	
Orzamento de licitación	1.399.348,89 €	792.063,40 €	2.191.412,29 €
21% de I.V.A.	293.863,27 €	166.333,31 €	460.196,58 €
Total orzamento	1.693.212,16 €	958.396,71 €	2.651.608,87 €

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO



Asdo: Gumersindo Guinarte Cabada